

SOLUCIÓNS 1º AGRUPAMENTO SEMANA 7

Páxina 138: 6,7,8

6. **Paulus**: exixente, crítico.

Merlín: famento, mentirán.

Lancelot: exaxerado, emocionado.

7. **Ladrar o estómago**: producir ruído o estómago como manifestación de que se ten fame.

Ser de bo dente: desfrutar con bo apetito de calquera clase de alimento.

Ser de fociño romo: comer de todo.

Ter fame negra: estar extremadamente famento/a.

8. **Metateatro** é un termo que fai referencia ao teatro que aborda o propio teatro como tema. Existe metateatro, por exemplo, cando unha peza dramática ten como trama principal a posta en marcha a representación dun espectáculo tal e como acontece neste caso.

Páxina 140, 1

Doces: arroz con leite, xeado, mermelada, filloa, orella.

Carne, friames, peixe e ovos: boi, abadexo, atún, carneiro, chourizo, troita, cordeiro, dourada, galiña, lacón, mortadela, pavo, meiga, ollomol, rodaballo, xurelo, leitón, lombo, xabril, coello, bacallao, vaca, peixe sapo, pescada, touciño, ovo, salchichón, polo, sardiña, raia, vitela, congro, robaliza, xamón, faneca, salmón.

Lácteos: queixo, requeixo, manteiga, batido, iogur, leite.

Froita e verdura: cebola, alcachofa, cabaciño, nabiza, pemento, repolo, ravo, figo, grelo, espárrago, lima, amora, cereixa, coliflor, framboesa, kiwi, espinaca, laranxa, mandarina, melón, amorodo, caqui, limón, manga, leituga, marmelo, mazá, pexego, pera, sandía, tomate, uva, cabaza, cenoria.

Cereais, patacas e legumes: chícharo, xudía, avea, millo, trigo, centeo, faba, garavanzo, lentella.

Páxina 141 2.

Tona - nata; leitón - bacoriño; meiga - rapante; vitela – xato; cervo – veado; galiña – pita; parrocha – xouba; caramuxo – mincha; amorodo – morango.

Páxina 141: 3, 4, 5, 6 e 7

3. Sosa – salgada; verde – madura; reseso – fresco; cocido – cru.

4. Bica, cana, chulas, doce de marmelo, filloa, follado, larpeira, melindre, pan de ovo, rosca, torta.

5. Sardiña; allo; castaña; pataca.

6. De esquerda a dereita e de enriba a embaixo: nabiza, polo, grelo, capón.

7. Lura, percebe, centola, ameixa, mexillón, nécora, navalla, cigala, polbo.

Páxina 144: 1, 2 e 3

1

Forma verbal	Verbo (infinitivo)	Conxugación
fixo	Facer	2ª
desembarcar	Desembarcar	1ª
dar	Dar	1ª
viaxaba	Viaxar	1ª
escoitaba	Escoitar	1ª
dicir	Dicir	3ª
cambiado	Cambiar	1ª
está	Estar	1ª
era	Ser	2ª
marchara	Marchar	1ª
foi	Ser	2ª
ampliar	Ampliar	1ª
emigrara	Emigrar	1ª
ver	Ver	2ª
concluídas	Concluír	3ª
roubaran	Roubar	1ª
dar	Dar	1ª
construír	construír	3ª

2. crenza: crer; loita: loitar; produto: producir; saúdo: saudar; pagamento: pagar; vasoira: varrer; harmonía: harmonizar; servente: servir; combate: combater; escuridade: escurecer; lectura: ler; vida: vivir.

3 Imaxe 1: erguerse, espertar, bocexar... **Imaxe 2:** ir ao cinema, sorrir, rir, comer flocos de millo... **Imaxe 3:** aterrar, voar en avión, viaxar... **Imaxe 4:** durmir, soñar, roncar...

Páxina 145: 4

. Onte faleceu, na casa familiar de Tui, o coñecido actor Luís Caloto.

O home, que estaba paseando o seu can, faleceu, segundo todos os indicios, por causas naturais.

A vítima presenta danos no fígado, na vexiga e no páncreas.

O próximo sábado celebrarase unha gala benéfica para loitar contra o sida.

Sáíron ilesos do accidente catro persoas adultas e un bebé.